

**ACTA NÚMERO 9/2015**  
**SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**DO DIA 10.07.2015**

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 14:15 horas, do día dez de xullo de dous mil quince, reúnese o Pleno da Corporación deste concello en primeira convocatoria de sesión extraordinaria e urxente.

**ASISTENTES:**

***Alcalde:***

D. Antonio Pereiro Liñares

***Concelleiros:***

D<sup>a</sup>. Maria Costa Calviño

D. José Manuel Cancela Cancela

D<sup>a</sup>. Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D<sup>a</sup>. Manuela González Pallas

D. José Manuel Gómez Louzao

D. Luís Vázquez Leis

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Pilar García Pereiro

***Secretario acctal.:***

D. Alfonso García Ferreira

**ORDE DO DIA**

- 1- XUSTIFICACION DA URXENCIA.-
- 2- APROBAR INFORME DAS ALGACIÓNS PRESENTADA AO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL.-
- 3- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL.-
- 4- SOLICITUDE A XUNTA DE GALICIA DO EXERCICIO DE NOVA COMPETENCIA DO SERVIZO. PUNTO DE ATENCION A INFANCIA.-
- 5- CONVENIO MARCO 060.-

**1.- XUSTIFICACION DA URXENCIA.-**

Pola Presidencia infórmase da urxencia da convocatoria da sesión, que ven determinada por estar prevista a aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal e solicitar á Xunta de Galicia dunha nova competencia de servizo, concretamente o Punto de Atención á Infancia, pero que presentado escrito pola concelleira do B.N.G. Dona María Pilar García Pereiro, para tomar posesión como concelleira no primeiro Pleno e incluído no punto da orde do día da sesión anterior e forme parte como membro electo desta Corporación, fai que este Pleno se convoque de xeito urxente.

Sometido a votación a xustificación da urxencia, fano favorablemente e por unanimidade tódolos concelleiros.

## **2.- APROBAR INFORME DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL.-**

Pola Presidencia infórmase do trámite previo e necesario como é informar as alegacións presentadas ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Tordoia.

Así, polo Secretario indícase que dentro do Tomo I do Plan están o Anexo III: Informe de Alegacións e Anexo IV: Informe pormenorizado de alegacións que figuran no asinado polo arquitecto Sr. López Yáñez do equipo redactor e foron presentadas no período de exposición 452 e fóra de prazo 19.

Polo presidencia propónse estimar favorablemente, desestimar e estimar parcialmente as alegacións que figuran no mencionado Tomo do Plan Xeral de Ordenación Municipal, segundo os propios termos da súa redacción, sendo favorablemente 217 alegacións, parcialmente favorables 59 e desfavorables, 195 e notificarlle aos interesados este acordo para que poidan presentar as alegacións que estimen conveniente.

Sometida a votación fano favorablemente 8 concelleiros (P.P.) e 1 abstención (B.N.G.), esta por non ter seguridade técnica.

## **3.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL.-**

Pola Presidencia infórmase de que se cumpriron os requisitos establecidos na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para a tramitación do planeamento municipal, concretamente o que regula o artigo 85.

Visto que se cumprimentaron os trámites de información pública, informe de sostibilidade ambiental, as alegacións e informes presentados en período de consultas, informacións favorables, favorables parcialmente e desfavorables, informes sectoriais e memoria ambiental, conforme ao disposto na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, esta Alcaldía propón:

Primeiro.- Aprobar provisional o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Tordoia, quedando incorporados os informes sobre alegacións, informes sectoriais e memoria ambiental.

Segundo.- Remitir toda a documentación á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a súa aprobación definitiva.

Sometida a votación é aprobado por maioría absoluta dos concelleiros asistentes 8 (P.P.) e 1 abstención (B.N.G.), manifesta esta representante que o fai por non dispor de información técnica.

## **4.- SOLICITUDE A XUNTA DE GALICIA DO EXERCICIO DE NOVA COMPETENCIA DO SERVIZO. PUNTO DE ATENCION A INFANCIA.-**

Pola Presidencia infórmase da implantación proximamente do punto de atención á infancia neste Concello.

Toma a palabra o Secretario acctal., para informar que, de conformidade coa Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, as entidades locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a lei e para as cales non contén co financiamento axeitado. No caso de que unha entidade local pretenda o exercicio de novas competencias ou servizos deberán presentar a solicitude de informe dirixida á consellería competente en materia de administración local, xunto coa documentación que regula o artigo 7 da mencionada lei 7/2014.

Pola Presidencia, tendo en conta a documentación que obra no expediente da súa razón e estando previsto a apertura do Punto de Atención á Infancia en setembro de 2015 para curso 2015-2016, propón solicitar a competencia do servizo para o punto de atención á infancia municipal.

Sometido a votación fano favorablemente 8 concelleiros (P.P.) absténdose a concelleira do B.N.G., polo que é aprobado por maioría absoluta.

#### **5.- CONVENIO MARCO 060.-**

No BOE do 5 de xullo de 2007 publicouse o convenio marco asinado entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ao cidadán no ámbito territorial de Galicia; cunha duración inicial de catro anos e unha prórroga doutros catro, a súa vixencia rematou o 4 de xullo de 2015. De acordo co previsto nel, este concello acordou a adhesión ao dito convenio marco e con esa vixencia.

A Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia teñen previsto asinar o novo convenio marco coa fin de darlle continuidade á prestación dos servizos ofrecidos a través da rede de oficinas integradas de atención á cidadanía. Igualmente, ese novo convenio marco ten previsto incorporar, mediante adhesión, as entidades locais que expresamente o soliciten.

Como novidade deste marco, os rexistros dos concellos admitirán escritos e comunicacións que se dirixan aos órganos das Administracións das Deputacións provinciais, aos Concellos de municipios aos que se refire o artigo 121 da Lei 7/1985, de 2 de abril e ás Entidades Locais adheridas ao convenio marco, todas elas dentro do ámbito territorial de Galicia.

Tendo en conta que o convenio tamén producirá efectos fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, a documentación de adhesión do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas deberá estar redactada en castelán.

Visto o anteriormente exposto propónse:

*Solicitar la adhesión al Convenio Marco entre la Administración General del Estado y la Xunta de Galicia para la implantación de una red de Oficinas Integradas de atención al ciudadano en el ámbito territorial de Galicia, que se publicará en el Boletín Oficial del Estado y en el Diario Oficial de Galicia, suscrito entre la Administración General del Estado y la Administración de la Comunidad Autónoma de Galicia para la implantación de una red de espacios comunes de atención al ciudadano en el ámbito territorial de Galicia.*

*Manifestando la voluntad del Ayuntamiento de Tordoia de adherirse expresamente a todas y cada una de las Cláusulas del Convenio Marco mencionado, asumiendo las obligaciones derivadas del mismo y con sujeción a todas sus cláusulas.*

Sometido a votación acórdase a adhesión ao Convenio por unanimidade dos nove concelleiros asistentes.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia se levanta a sesión, sendo as 14:45 h do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde,

O Secretario acctal.,